



MINISTERIO
DE HACIENDA
Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

SECRETARÍA DE ESTADO DE
PRESUPUESTOS Y GASTOS

Marta Fernández Currás
Secretaria de Estado

09 A60. 2013



Ministerio de Hacienda y Administraciones
Públicas

REGISTRO AUXILIAR
DE CUZCO
SALIDA

N. de Registro: 18 / RG 12550
Fecha: 09/08/2013 09:50:58

10862

Excma. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera
Presidenta del Parlamento de Galicia
Pazo do Parlamento. Rúa do Horreo
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estimada Sra. Rojo:

Recibido o seu escrito no que se achega un cuestionario acordado pola Comisión de investigación constituída para analizar e valida-la evolución económico-financiera das antigas caixas de aforros e ás causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, ós efectos de que poida respondelo por escrito no prazo de cinco días hábiles.

En resposta ó devandito escrito, coa disposición que xa manifestei na miña carta do 25 de xuño a colaborar coa mencionada Comisión de investigación e co fin de que poida facelo chegar á referida Comisión, trasládolle a continuación a contestación ás preguntas incluídas no cuestionario remitido:

Contestación ao cuestionario da Comisión de investigación para analizar e valida-la evolución económico-financiera das antigas caixas de aforros e ás causas e responsabilidades da súa actual incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos, dirixido á Secretaria de Estado de Orzamentos e Gastos D^a Marta Fernández Currás.



10.08.2012

10862

1. Que responsable da Xunta de Galicia asinou as autorizacións para as emisións de participacións preferentes e/ou obrigas subordinadas de Caixanova e Caixa Galicia en maio, xuño, outubro e decembro de 2009?

2. Foi vostede mesma?

Como vostedes coñecen, e foi repetidamente indicado por diferentes comparecentes na Comisión de Investigación, a Xunta de Galicia non realiza ningún tipo de actuación administrativa referente ás participacións preferentes.

Respecto das obrigas subordinadas, o artigo 18 do vixente texto refundido da Lei de caixas de aforros enmárcase no principio dado pola normativa básica do Estado na Lei 24/1988, do Mercado de Valores, que, no seu artigo 25.1 establece o principio de liberdade de emisión, indicando expresamente que *"As emisións de valores non requirirán autorización administrativa previa"*

Por tanto, dentro deste principio legal básico de obrigado cumprimento, a Xunta de Galicia unicamente realiza, a través do órgano directivo que conta en cada momento coas competencias segundo se indica no correspondente decreto de estrutura orgánica, as comprobacións materiais dos acordos societarios correspondentes á emisión de obrigas subordinadas. Estas



09 ABO 2013

10862

comprobacións veñen realizándose dende o ano 1988, no que se realizan as primeiras emisións de subordinadas perpetuas ate o ano 2009 en que se emiten as derradeiras.

3. Onde foron arquivados os documentos de autorización destas emisións asinados pola Xunta de Galicia, dado que non foron trasladados á Comisión de Investigación das Caixas?

Durante os anos que estiven de conselleira de Facenda, a totalidade de expedientes da consellería eran arquivados, de acordo co establecido na normativa vixente, nos departamentos correspondentes.

4. En varios apartados da súa contestación se fai mención a diversos informes internos realizados polos técnicos da Consellería de Facenda. Dado que estes informes non se facilitaron á Comisión, pode sinalar as razóns polas que considera que non se realizou tal traslado?

A información técnica foi oral e escrita. Os informes escritos integráronse no informe final de novembro de 2009 que, segundo a información coñecida da información remitida pola Xunta de Galicia,



09 AGO 2013

10862

obra dentro da documentación de carácter reservada remitida á Comisión de Investigación.

5. Cal é o cargo ou a a identificación de tales técnicos da consellería?

A diferenza do que viña ocorrendo durante o mandato do anterior Goberno, no que as tarefas de control das caixas de aforro galegas foron subcontratadas á Consultora AFI, os informes foron elaborados polos técnicos dos Departamentos con competencias sectoriais en materia de caixas de aforros.

6. Onde foron arquivados tales documentos?

Nos arquivos dos Departamentos sectoriais correspondentes de acordo coa normativa vixente.

7. No tocante á denominada Due Diligence elaborada por KPMG, afirmase que discrepancias cas caixas fan que a Xunta de Galicia teña que asumir tal proxecto, que xa anteriormente se decidira - por diversos motivos que indica - que elaborara a devandita empresa KPMG. En relación a este proceso, cal foi o procedemento administrativo empregado para a súa

WZ



09 AGO 2013

Núm. 10862

**contratación ? Existiron pregos de condicións ao respecto?
Quen compoñía a Mesa de contratación?**

Na miña primeira resposta non indico que houbera discrepancias coas caixas, senón que as discrepancias internas dentro dunha das entidades fixo que a Xunta de Galicia tivera que asumir o proxecto encargado á Auditora KPMG, que ían inicialmente asumir as propias caixas de aforros, en concreto indico *“discrepancias internas nunha das entidades fan que a Xunta de Galicia teña que asumir o proxecto”*.

O encargo do informe e a análise de KPMG obedece a que o Goberno Galego trata de cumprir o mandato dado polo Parlamento de Galicia, que expresa o sentir maioritario da sociedade galega, en relación co impulso dunha operación corporativa galega. A imposibilidade de acceso por cada caixa a datos de carácter reservado da contraparte, mentres non existira unha vontade decidida de fusión, fai que tiveran que utilizar datos públicos con información insuficiente ou realizar estimacións que non se correspondían coa realidade ó optar polas hipóteses máis pesimistas das posibles.

A elección da auditora KPMG foi debido a que, en contacto co Banco de España, era a única auditora non implicada en informes



09 AGO 2013

Núm. 10862

anteriores con ningunha das dúas caixas de aforros, que tivera experiencia en procesos similares e que contara con un sistema predictivo para avaliar a solvencia dos proxectos de fusión que estivese validado polo Banco de España.


Indicar que a tramitación do expediente de pago realizouse segundo a normativa vixente.

Madrid, 9 de Agosto 2013

Fdo.: Marta Fernández Currás

Buceta López, Marrosa

De: Rodrigo Cámara, Milagros <MRodrigo@sepg.minhap.es> en nombre de Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos <sepg@sepg.minhap.es>
Enviado el: viernes, 09 de agosto de 2013 10:29
Para: Secretaria Oficialia Maior do Parlamento de Galicia
CC: Servizo de Asistencia Parlamentaria
Asunto: Contestación nuevo cuestionario SEPG Comisión Parlamento de Galicia
Datos adjuntos: Contestación cuestionario Parlamento de Galicia - PE 813.pdf



Buenos días:

Por indicación de la Secretaria de Estado de Presupuestos y Gastos, D^a Marta Fernández Currás, se adjunta escrito que, con fecha de hoy, se ha remitido de forma oficial a la Sra. Presidenta del Parlamento de Galicia, relativo al nuevo cuestionario remitido a la Secretaria de Estado por la "Comisión de Investigación constituida para analizar e valida-la evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex directivos".

Saludos,

Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos
Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas
sepg@sepg.minhap.es
Telf.: 91-583 50 58

Este mensaje y cualquier fichero adjunto son confidenciales, se dirige únicamente a sus destinatarios y, especialmente en lo que respecta a los datos de carácter personal, están protegidos por el secreto de las comunicaciones.
Si usted considera que ha recibido este correo electrónico por error (por el asunto, por el remitente o por cualquier otra causa), le informamos que cualquier revisión, alteración, impresión, copia o transmisión de este mensaje o de cualquier fichero adjunto está prohibida, puede constituir un acto ilegal, y producirá las responsabilidades legalmente establecidas. Por favor, notifiquele el error al remitente respondiendo a este e-mail y elimine el mensaje y su contenido inmediatamente.
El Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas se reserva las acciones legales que le correspondan contra todo tercero que acceda de forma indebida al contenido de cualquier mensaje externo procedente del mismo.